

ELECCIÓN S AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo co decreto 92/1988 da Xunta de Galicia, do 28 de abril D.O.G. do 29, polo que se regulan os órganos de goberno dos colexios públicos, lévase a cabo a renovación parcial dos membros do Consello Escolar, de acordo co calendario fixado pola Resolución do 10 de setembro de 2024 (*Diario Oficial de Galicia 18/09/2024*)

Nesta resolución indícase o seguinte:

· O dereito a elixir e a ser elixido/a correspóndelle ao pai e a nai, ou, no seu caso, aos titores legais.

· **O Censo está exposto no taboleiro:** Se algún pai /nai non está no censo ou algún dato é erróneo deberá comunicalo o máis axiña posible na secretaría do centro (data límite 6 de novembro).

· **A Mesa electoral** estará formada pola directora do centro, que será a presidenta, e catro pais/nais designados en sorteo público, que **terá lugar na secretaría do centro o día 11 de novembro ás 9 horas.**

· Poderanse presentar as candidaturas de 29 de outubro ao 8 de novembro.

· A proclamación definitiva de candidatos, despois das posibles reclamacións, a realizará a Xunta Electoral, que está formada pola directora, como presidenta, un pai/nai, e un mestre/a que actuarán como vocais. O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector/a acreditará a súa identidade.

· Cada elector fará constar na papeleta un máximo dunha cruz que sinale o/a candidato /a que elixe. Serán nulas as papeletas con máis cruces.

· Ao remate das eleccións se procederá ao escrutinio público e levantamento das actas correspondentes.

A votación terá lugar o martes 19 de novembro en horario de 9 a 9:50h e de 14:00 a 14:30 h. · A organización e supervisión estará a cargo da Xunta electoral.

Un saúdo

A directora e presidenta da Xunta electoral

PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA

Tendo en conta o disposto no decreto 92/1988 do 28 de abril DOG do 29, polo que se establece o procedemento de renovación do Consello Escolar, de acordo co calendario fixado na Resolución do 10 de setembro de 2024 (*Diario Oficial de Galicia 18/09/2024*), e como pai/nai ou titor/ra legal do CEIP Ponte de Xuvia de Narón **PRESENTO A MIÑA CANDIDATURA AO CONSELLO ESCOLAR** diante da Xunta Electoral do centro

CANDIDATO/A

Nº CENSO

En.....a.....de.....de 2024